

II XORNADAS FORMATIVAS CIDADES AMIGAS DA INFANCIA EN GALICIA

“Estratexias e novas metodoloxías para promover a Participación Infantil e Adolescente no ámbito municipal”

Co obxectivo de seguir promovendo o deseño e implantación de políticas locais de infancia e adolescencia baseadas **no modelo Cidade Amiga da Infancia**, impulsado por UNICEF Comité Español, o **19 de setembro de 2018** celebraranse as **II Xornadas formativas en Galicia**, no marco da colaboración mantida entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a FEGAMP e UNICEF Comité Español para el desenvolvemento do programa en Galicia.

Os **obxectivos** destas xornadas son:

- Continuar a afondar no coñecemento do **Programa Cidades Amigas da infancia** para favorecer o coñecemento dos seus obxectivos, traxectoria e liñas de traballo, ao persoal político e técnico dos municipios galegos.
- Impulsar a **participación infantil como marco de dereitos de infancia a nivel local**, a partir da xeración de dinámicas que consideren as propostas de nenos e nenas, mecanismos de seguimento e de retroalimentación de propostas.
- Coñecer e compartir **experiencias de participación infantil e adolescente** impulsadas por municipios da comunidade autónoma de Galicia.

DESTINATARIOS: Persoal técnico e político dos municipios galegos, podendo tamén participar asociacións ou outras entidades públicas e/ou privadas de especial interese pola súa relación coas políticas locais de infancia e adolescencia e a promoción da participación infantil no ámbito local.

DATA, HORARIO E LUGAR:

- 19 de setembro de 2018
- 9:00 h a 15:00h
- Escola Galega de Administración Pública. Rúa de Madrid (barrio de Fontiñas), nº 2-4. 15707 Santiago de Compostela, A Coruña.

INSCRIPCIÓN: A través do enlace <https://ciudadesamigas.org/destacado/galicia-jornadas-formativas/>

Data de inicio 24 de agosto

Data límite 17 de setembro

RECOMENDACIÓNS PREVIAS: Co obxectivo de incidir no aproveitamento da parte práctica das xornadas a cargo da Asociación Los Glayus (Asturias), recoméndase a consulta previa dos seguintes documentos:

- *“Avanzando a ritmo de infancia: experiencias de participación infantil en Asturias”*
<http://www.losglayus.org/publicaciones/pdf/15.pdf>
- *“Entendiendo la participación infantil: Ideas, estrategias y dinámicas para trabajar la participación infantil paso a paso”* https://ciudadesamigas.org/wp-content/uploads/2015/01/entendiendo_participacion.pdf

Programa Cidades Amigas da Infancia Galicia
UNICEF Comité Galicia
Tlf. 913788604
galicia@unicef.es